



**REACTIVACIÓN DA COOPERACIÓN DE
PROXIMIDADE NA FRONTEIRA DO NORTE DE
PORTUGAL CON GALICIA**

RESPOSTA AOS EFECTOS DA COVID-19

AGOSTO de 2020

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Encadramento xeral: o problema sanitario

1.2 O impacto do peche das fronteiras

1.3 Os desafíos económicos e sociais

2. 2. OBXECTIVOS COMÚNS PARA A REACTIVACIÓN DA COOPERACIÓN

3. MEDIDAS PROPOSTAS

3.1 Restablecemento coordinado da actividade social e produtiva

3.2 Campañas de sensibilización

3.3 Saúde

3.4 Dixitalización

3.5 Sector empresarial

3.6 Emprego

3.7 Mobilidade

3.8 Educación, Cultura e Turismo

3.9 Ferramentas para o desenvolvemento territorial e cooperación

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Encadramento xeral: o problema sanitario

A crise provocada pola pandemia Covid-19 presenta unha intensidade e un alcance fóra do común, non só polo número de persoas afectadas, senón tamén pola gravidade das infeccións e pola alta capacidade de propagación do virus. O combate a este acontecemento inesperado representa un triplo desafío: sanitario, económico e social.

O problema sanitario conduciu a medidas de confinamento, que foron implementadas en moitos países e rexións do mundo, coa aplicación de medidas de restrición de liberdades –de natureza e graos diferenciados, segundo os distintos territorios–. Ao mesmo tempo, os sistemas de saúde nacionais desenvolveron un enorme esforzo para prestar o apoio necesario ás poboacións infectadas polo virus. Neste ámbito, é importante destacar o traballo efectuado polos profesionais do sector que constituíron, na maior parte dos territorios, a primeira liña de defensa contra os efectos adversos do virus.

A situación evoluciona lentamente, con moitas rexións e Estados avaliando cautelosamente a posibilidade de refrear as restricións impostas ás súas sociedades e empresas e así relanzar as súas economías. Con todo, os efectos directos e indirectos da crise xa se fixeron notar en moitos sectores, a recuperación levará moito tempo e a posibilidade de novas medidas de confinamento nun horizonte temporal próximo non pode, de momento, ser excluída. Asistimos a un movemento xeneralizado de contracción da economía e do aumento do desemprego, mentres a incerteza sobre a evolución da situación pandémica dificulta a súa resolución.

Unha cuestión central na loita contra a pandemia foi a procura dun tratamento eficaz e/ou unha vacina contra o coronavirus. A investigación científica realizada en varios países foi dirixida a atopar un mecanismo eficaz de control e de prevención da pandemia, aínda que ata o momento aínda non exista unha solución testada que permita anular os efectos do virus. Os avances científicos nesta materia serán absolutamente fundamentais para o control da pandemia e para o desexado restablecemento dalgunha normalidade. Con todo, isto levará necesariamente algún tempo, polo que será conveniente non descartar novas medidas de confinamento, no caso de que sexan necesarias. O impacto das crises non é o mesmo en todas as rexións e países. Na Unión Europea obsérvanse situacións moi diferentes. Algúns territorios presentan unha taxa de

incidencia de casos da enfermidade moito maior que outros, en parte motivados polo envellecemento poboacional que os caracteriza. Isto sucede precisamente na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal polo feito de ter unha poboación moi envellecida, con crecentes taxas de envellecemento e de dependencia. Por outra banda, a dispersión da poboación característica de parte relevante deste territorio, a miúdo sinalado como unha das súas debilidades, parece, neste caso, constituír un factor de vantaxe, para permitir unha contención máis fácil da propagación da pandemia.

A análise do impacto e da evolución da Covid-19 na saúde pública require algunha consideración, sobre todo no que se refire á falta de homoxeneidade dos datos para poder efectuar unha axeitada comparación entre Estados ou rexións. Doutra banda, a realidade que hoxe vivimos pode cambiar moi rapidamente, polo que os resultados das análises efectuadas quedan obsoletas en pouco tempo. En todo caso, a análise preliminar dos primeiros meses de pandemia revela que o número relativo de infeccións e mortes en Portugal foi bastante inferior ao rexistrado en España. No contexto da Eurorrexión, as infeccións e falecementos en Galicia foron tamén moi inferiores á media nacional de España, mentres que a situación no Norte de Portugal, nunha fase inicial, foi inversa, cun maior impacto da pandemia que no resto do país.

Unha análise comparativa na data de apertura da fronteira (1 de xullo) permite concluír que, tanto no número relativo de infectados como no número de defuncións, os rexistros da rexión do Norte estaban por baixo dos de España e eran similares aos de Galicia. Nesa data, Galicia rexistraba un total de casos confirmados acumulados de 9.222 e o Norte de Portugal contaba cun total de 17.585, mentres que o número de falecidos era de 619 en Galicia e 819 no Norte. Independentemente da difícil predictibilidade da evolución concreta da pandemia nestes territorios e da seu mellor ou peor situación relativa, en comparación con outras rexións ou países, a estrutura económica da Eurorrexión, que presenta un enorme grao de apertura ao exterior, un patente carácter exportador moi asociado á industria, será sempre potencialmente máis vulnerable ao choque provocado pola pandemia, en comparación con outros territorios fronteirizos. Neste caso, o maior dinamismo intrínseco nesta zona da fronteira, a máis dinámica de toda a raia luso-española, implica, tamén, un posible maior efecto adverso das consecuencias da pandemia.

1.2 O impacto do peche das fronteiras

No caso concreto da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, o peche da fronteira implicou o establecemento dunha barreira física que, 25 anos despois do Acordo de Schengen, considerábase irrevogablemente extinto (as cicatrices da historia parecían definitivamente curadas). Ademais, na situación actual, levantáronse novas barreiras onde antes non as había: non só foi a primeira vez que se pechou a fronteira entre Galicia e o Norte de Portugal tras o acordo Schengen (se exceptuamos o caso específico da visita do Papa Francisco a Fátima, en maio de 2017), senón que o peche foi case hermético, dado que só 2 dos 27 pasos da fronteira terrestre estiveron abertos e mesmo estes estaban limitados á circulación de mercadorías e de traballadores transfronteirizos.

As restricións á libre circulación causaron enormes dificultades á cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal: os traballadores transfronteirizos aumentaron os seus desprazamentos nunha media de 50 quilómetros (ás veces esta distancia duplicouse amplamente en comparación coa distancia percorrida anteriormente). Na práctica, esta suspensión da libre circulación implicou que moitas actividades como o comercio, a educación, os servizos sociais, o deporte e o lecer, así como as relacións interpersoais máis elementais, foron interrompidas abruptamente.

Os habitantes das zonas fronteirizas –que xa de seu son os máis afectados polos custos de contexto transfronteirizo nos respectivos Estados, debido ás dificultades adicionais que enfrontan ao vivir nunha contorna fronteiriza con normas diferenciadas entre países e situados lonxe dos centros de decisión– tiveron agora que soportar un confinamento máis severo que os seus concidadáns: as eurociudades, por exemplo, foron abruptamente cortadas pola metade, reducindo drasticamente a capacidade de circulación de persoas e bens no territorio inmediatamente circundante. Por tanto, é de xustiza que estes territorios reciban unha atención especial, en consonancia co acordo tomado polo Consello Europeo de xullo de 2020 sobre o método de asignación para o obxectivo de “Cooperación Territorial Europea”.

Cabe sinalar, que, nun informe elaborado polas “ Valedoras da Cidadanía Transfronteiriza” da Eurocidade Cerveira-Tomiño, identificáronse como principais prexuízos derivados do peche das fronteiras, os seguintes:

- Alteración da actividade laboral para os traballadores transfronteirizos (incremento das distancias e dificultades e sobrecostos dos desprazamentos)
- Efectos económicos negativos, derivados da perda de posibles clientes e dificultade das subministracións en determinados negocios.
- Dificultade ou mesmo imposibilidade de acceder a determinados servizos, como os educativos, sanitarios, comerciais, deportivos ou culturais, situados no outro lado da fronteira.
- Dificultades no mantemento de relacións familiares ou sociais (familias separadas, persoas maiores desatendidas...)

É necesario reflexionar, agora, sobre o proceso de peche da fronteira, así como os mecanismos implementados polos dous Estados para a súa reapertura. A fronteira do Norte de Portugal con Galicia é a máis poboada entre España e Portugal, rexistrando case a metade da mobilidade dos fluxos transfronteirizos de vehículos lixeiros. A título de exemplo cabe indicar que o 44% dos vehículos que transitaron entre Portugal e España durante o peche de fronteiras fixérono pola Ponte Tui-Valença. É tamén o espazo máis dinámico en termos económicos, sociais e culturais de toda a fronteira entre os dous Estados.

Sendo así, o impacto do peche de fronteiras é moito máis relevante nesta área que noutros espazos. Dalgunha forma, esta fronteira presenta características de integración económica próximas a rexións do centro de Europa, cuxos protocolos de apertura e peche de fronteiras están estabilizados desde hai moito tempo. Na práctica, podemos mesmo considerar que o peche da fronteira entre o Norte de Portugal e Galicia produciu o mesmo efecto (devastador) que a imposición dun “cordón sanitario” (“cerca sanitária”) pero sen os mecanismos político-administrativos que permitisen a súa suspensión/levantamento. Esta situación debería revisarse no futuro para que se minimicen os efectos negativos que afectan a este territorio de forma particular.

Por esta razón debe existir unha discriminación positiva deste territorio no que respecta a medidas de combate contra os efectos da pandemia, sobre todo no ámbito do financiamento a través dos fondos europeos estruturais e de investimento do novo período de programación 2021-2027.

1.3 Os desafíos económicos e sociais

O desafío económico provocado pola pandemia é colosal e os seus efectos adversos non fixeron máis que comezar. O impacto económico non é o mesmo en todos os territorios, porque as realidades económicas, sociais e territoriais son moi diferentes de país a país e de rexión a rexión. Nalgúns casos, como o noso, tamén dependen de sectores específicos que presentan unha maior dificultade de recuperación, concretamente o turismo, os transportes ou a cultura. A pesar desta especificidade, constatamos que todos os sectores produtivos da Eurorrexión están, dun xeito ou doutro, sufrindo impactos negativos.

O impacto económico desta crise aínda se está actualizando e revisando; aínda que as primeiras estimacións apuntaban a unha contracción do 9% do PIB (datos da OCDE/OCDE), que podería mesmo chegar ao 15%, a realidade actual revela que estes números foron xa superados. En Portugal, segundo o INE, no primeiro trimestre de 2020 o Produto Interior Bruto (PIB) sufriu unha contracción do 14,1%, en comparación co mesmo período de 2019. E no segundo trimestre, no que estivo en vigor o estado de emerxencia, a caída foi do 16,5%. Na Rexión Norte o número de desempregados rexistrados nos centros de emprego creceu un 23,4% en maio de 2020, o terceiro mes do país en estado de emerxencia. As exportacións da Rexión Norte caeran un 42,3% en abril de 2020 despois de que diminuísen un 16,6% en marzo. No conxunto dos dous meses a rexión exportou 1,1 mil millóns de euros menos.

No caso galego, o informe sobre a situación socioeconómica “Impacto do confinamento provocado polo Covid-19 na economía galega” do Foro Económico de Galicia estimaba a principios de abril unha perda de 7,4% do PIB galego (aproximadamente 46 mil millóns de euros) no caso de que o confinamento chegase a mediados de maio (datos que se superaron).¹

Segundo os datos publicados por Bloomberg, no segundo trimestre de 2020, o PIB español caeu un 22,1%, en variación interanual, e o de Portugal 16,1%.

¹ A Comissaría da Coesão e Reformas, Elisa Ferreira, referida ao principio desta crise que “Desde a sua criação, estima-se que o mercado único tenha aumentado o PIB da UE em cerca de 8-9 %. Ao invés, o seu desaparecimento poderia custar a alguns Estados-Membros até 15-20 % do seu rendimento per capita real”

O primeiro efecto social do confinamento foi o illamento: o confinamento non era só unha realidade física e individual, tamén tivo un gran impacto a nivel emocional e na forma en que pasamos a relacionarnos cos demais.

O desafío social vai ser considerable e vai implicar un esforzo concertado de todos os actores locais, rexionais, nacionais e europeos para superar os efectos desta pandemia. De feito, enfrontámonos a unha nova realidade social e con novos protocolos de relacións interpersoais post Covid-19.

Ante a necesidade de convivir co virus e ata que exista unha vacina ou un tratamento efectivo, é necesario implementar medidas que alerten á poboación sobre a necesidade de cambiar os seus comportamentos e que garantan a redución efectiva da propagación do virus. Sen dúbida, o desafío social que será máis importante no futuro inmediato é recuperar a confianza interpersoal, sendo esta a premisa básica de todas as iniciativas que se poidan preparar posteriormente.

En suma: a pandemia provocou un impacto negativo na cooperación a todos os niveis e en todos os territorios. Aínda que houbo casos de solidariedade entre países, rexións e entre individuos, tamén se produciron (e lamentablemente continúan producíndose) un amplo conxunto de accións contrarias ao espírito cooperativo, como bloqueos de compras dalgúns países perpetradas por outros países, acaparamento de bens e de medicamentos, ou propostas para peche unilateral de fronteiras, entre outras.

Partindo deste marco e non podendo descartar a necesidade de novas medidas de confinamento no futuro, será necesario deseñar unha estratexia que ofrezca novas oportunidades de desenvolvemento das dúas rexións, aproveitando as vantaxes estratéxicas da cooperación realizada ao longo dos últimos 30 anos. É fundamental estimular a economía local, apoiar á cidadanía de proximidade e protexer a situación de vulnerabilidade dos sectores máis afectados. Tamén é necesario apoiar ás institucións que estimulan e potencian os negocios e as empresas, ofrecendo institucionalmente seguridade en momentos de gran incertidume.

O mundo no que hoxe vivimos cambiou moito en relación ao que coñeciamos e así vai continuar, polo menos nun futuro próximo. O reto ao que nos enfrontamos será conseguir que a Eurorrexión supere esta crise e que saia máis forte e cohesionada, máis resiliente e solidaria. O

primeiro paso será garantir que o eventual impacto asimétrico nas dúas rexións que constitúen a Eurorrexión non aumente a desconfianza e as desigualdades no noso territorio común.

2. OBXECTIVOS COMÚNS PARA A REACTIVACIÓN DA COOPERACIÓN

A AECT da Eurorrexión está desde finais do ano pasado preparando un Plan de Investimentos Conxunto (PIC) para os vindeiros anos, que será aprobado no próximo Plenario da Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal. Este documento, que constitúe o principal instrumento de estratexia da Eurorrexión, contén elementos que contribúen directamente, en primeiro lugar, ao fortalecemento do tecido produtivo da Eurorrexión a través da investigación científica e a transferencia de tecnoloxía, da súa dixitalización e da súa internacionalización crecentes; en segundo lugar, á promoción da loita e adaptación ao cambio climático mediante unha aposta firme pola descarbonización e a transición enerxética xusta; en terceiro lugar, á resiliencia fronte ao cambio demográfico e as ameazas á saúde pública; e por último, á cohesión económica, social e territorial das dúas rexións.

Enmarcado neste plan, e de forma sintética, aparece a continuación un conxunto de obxectivos comúns para a reactivación da cooperación na Eurorrexión:

- Recuperar e fortalecer a confianza entre os cidadáns e na propia Eurorrexión.
- Establecer estratexias que preparen á Eurorrexión para afrontar xuntos a nova realidade post Covid-19, reforzando o seu papel e consolidando a súa visibilidade como área segura e fiable, tanto “*ad extra*” como “*ad intra*”.
- Superar obstáculos - preexistentes e novos -, que xurdan ou reaparezan como resultado desta crise.
- Fortalecer a Eurorrexión como unha unidade territorial cohesionada, integrada na Unión Europea, pero posuíndo elementos diferenciadores en relación ao resto de territorios dos seus países e das restantes rexións europeas.
- Garantir que ninguén quede atrás na loita contra os efectos da crise, prestando especial atención aos sectores sociais máis vulnerables.
- Recuperar o emprego e o tecido produtivo da Eurorrexión.



- Apostar fortemente pola formación de recursos humanos, con foco na empregabilidade e no desenvolvemento do potencial endógeno da Eurorrexión.
- Relanzar a produción e o consumo responsables, sustentables e de proximidade e atraer novos investidores a estes sectores.
- Apoiar e incrementar a investigación, o desenvolvemento científico, a transferencia de coñecemento e a innovación na Eurorrexión.
- Crear instrumentos, dialogados cos axentes sectoriais, que favorezan a recuperación da estrutura empresarial e emprendedora.
- Aumentar a capacidade e resiliencia de todos os recursos e axentes da Eurorrexión.
- Fomentar a cooperación de proximidade, fortemente afectada polo peche de fronteiras entre os dous países.

3. MEDIDAS PROPOSTAS

As propostas presentadas teñen en conta o marco e a definición de obxectivos descritos anteriormente, así como as propostas de normativa comunitaria que enmarcarán a política de cohesión europea no período 2021-2027, o Next Generation EU e os instrumentos de planificación estratéxica previstos para os dous territorios².

Este documento foi elaborado pola AECT da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal. Para a elaboración destas propostas, someteuse a consultas e tomáronse en conta os comentarios e as contribucións formuladas por outros actores da cooperación, especialmente polas AECTs e Eurociudades da fronteira, así como aqueloutros axentes da cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal. Enténdese pois que a operatividade das medidas propostas esixe unha articulación

² • Os regramentos comunitarios que rixen o actual período de programación comunitaria e os que van rexer o vindeiro período 2021-2027

• O Plan de Investimentos conxuntos Galicia-Norte de Portugal 2014-2020, en vigor, e o novo PIC 2021-2027 Galicia-Norte de Portugal

• A Estratexia Rexional para a Especialización Intelixente Transfronteiriza (RIST) e a súa actualización para o novo período.

• A Estratexia Galicia 2030

• O documento estratéxico “A Região Norte e o Próximo Período de Programação 2021-2027: Uma Reflexão Estratégica”.

coordinada entre os servizos con competencia nos respectivos sectores e os diferentes actores fronteirizos, respectando sempre o principio de subsidiariedade.

3.1 Restablecemento coordinado da actividade social e produtiva

Proponse, desde o principio, o desenvolvemento urxente de protocolos de articulación de procedementos relativos aos movementos transfronteirizos, tanto para hipotéticos futuros peches como para as posteriores reaperturas. Estes protocolos deberán basearse en criterios obxectivos (especialmente de saúde, seguridade e protección civil), involucrando ás autoridades competentes nacionais e rexionais e, no seu caso, locais (sen prexuízo da consulta a outras entidades que poidan ter competencias concorrentes). A intención destas medidas é a de permitir que o retorno á actividade social e produtiva se faga de forma coordinada nas dúas rexións, para evitar disfuncións e minimizar os danos.

Paralelamente será fundamental potenciar o investimento na Eurorrexión, garantindo unha actuación concertada para asegurar que os fondos procedentes da Unión Europea prestan especial atención ás zonas fronteirizas, co fin de minimizar o impacto do peche que resultou da pandemia. Máis concretamente, proponse que as institucións comunitarias poidan aumentar o financiamento para a cooperación transfronteiriza, co fin de financiar a reconstrución das áreas máis afectadas polo peche das fronteiras. Esa reivindicación debe estar apoiada por un plan de acción específico, ao que se lle asigne unha liña financeira propia que poida ser utilizada para reconstruír os sectores máis afectados pola crise da Covid-19, con miras a resolver o déficit de financiamento endémico destes territorios.

3.2 Campañas de sensibilización

Un dos problemas derivados da crise actual consiste na perda de confianza mutua³. A restauración física da maioría das fronteiras terrestres perxudicou á Eurorrexión, tomando a

³ Como xa se indicou, a percepción exterior de Galicia estase vendo moi perxudicada pola incidencia da Covid-19 en España, cando os datos amosan que xa desde o primeiro momento a situación en Galicia é considerablemente mellor que no resto do Estado, e moi próximos aos do Norte de Portugal



situación de cada unha das rexións, relativamente similares entre si, coa dos respectivos países, radicalmente diferente.

O obxectivo de aumentar a confianza na Eurorrexión debe basearse en tres supostos:

-A oportunidade ofrecida pola post crise para facer visible a realidade socioeconómica e cultural de máis de 6 millóns de habitantes, que residen nunha das fronteiras máis dinámicas de Europa a nivel económico, social e cultural;

- A necesidade de proxectar a súa identidade e o seu potencial endógeno transcendendo, así, unha percepción xeral de Eurorrexión "periférica" que non se corresponde coa súa realidade;

- A importancia e a singularidade deste territorio transfronteirizo como evidencia da vitalidade tanto das relacións entre Galicia e o Norte de Portugal, como da vontade inalienable de continuar establecendo unha cooperación estratéxica entre os seus habitantes e as súas institucións.

A partir destes supostos, agora vólvese fundamental coordinar as mensaxes que se emitan desde o territorio da Eurorrexión (especialmente nas zonas máis próximas á fronteira)⁴ en dúas vertentes:

- Unha, dirixida aos cidadáns da Eurorrexión, para restaurar a confianza mutua e fomentar a cooperación e a complementariedade a favor dun beneficio conxunto, para superar os efectos da crise.
- Outra, externa, presentando a Eurorrexión como un territorio seguro, amigable e atractivo.

O establecemento de estratexias que preparen á Eurorrexión para afrontar xuntos a nova realidade post Covid-19 pode constituír unha oportunidade para visibilizar a Eurorrexión nos medios de comunicación nacionais e europeos, divulgando, por exemplo, proxectos como o do desenvolvemento de material de protección individual concibido para a poboación obxectivo (a eurorrexional).

⁴ A coordinación das respectivas administracións para a emisión de mensaxes conxuntas, podería contribuir a elo.



As campañas de información deben estar acompañadas de accións específicas para aumentar a percepción de estar nun "lugar seguro" ou "territorio confiable", o que implica a sinatura de protocolos de acción específicos por sector (turismo seguro, circulación segura de persoas e bens, protocolos de saúde, etc.).

Para promover a cooperación de carácter máis local, a mensaxe de todas as institucións públicas debe ser que non se vai a deixar a ninguén atrás, superando as barreiras normativas que impidan a optimización de recursos públicos e de equipamentos dispoñibles a ambos lados da fronteira, en beneficio dos sectores sociais máis vulnerables e fomentando o voluntariado transfronteirizo.

3.3 Saúde

Preparación dun **protocolo conxunto para emerxencias sanitarias**:

A partir do grupo de traballo existente para a cooperación en materia de saúde, creado ao abeiro do Acordo entre a Xunta de Galicia e a ARS Norte en xullo de 2014, deberá constituírse un grupo de traballo autónomo (coa integración de todos os implicados) para desenvolver protocolos específicos no referente a sistemas de información, vixilancia epidemiolóxica, alerta temprá de epidemias, coordinación de recursos de saúde na fronteira ou outras cuestións relativas á saúde en contexto transfronteirizo. Ante a expectativa de futuras emerxencias relacionadas con pandemias causadas por virus ou bacterias, deberá desenvolverse un plan de continxencia para reunir e coordinar rapidamente os recursos e capacidades dispoñibles na Eurorrexión.

Elaboración dun "**Plan Conxunto de Emerxencias Biolóxicas**":

Na Eurorrexión existe actualmente un conxunto de capacidades instaladas que poderían ser de moita utilidade en caso de novos brotes de Covid-19 ou no caso de aparición de novas pandemias. Por exemplo, nas universidades, existen laboratorios con equipamentos para PCRs, que poderían traballar conxuntamente, aínda que requirirían adaptacións ou acreditacións para traballar con riscos biolóxicos. Este territorio conta cunha ampla oferta de profesionais que poderían traballar en rede se xorde unha nova situación de emerxencia.

Non se trata de crear novos laboratorios, senón de ter mecanismos preestablecidos que permitan dar resposta inmediata a unha nova situación se fose preciso. Desta forma, ademais de responder á emerxencia, podería crearse unha zona de fronteira que non se vería pechada ante unha nova pandemia.

Isto implicaría catalogar as capacidades materiais e humanas dispoñibles. Este primeiro exercicio permitirá deseñar a estrutura *ad hoc* que se implementaría, desenvolver un plan de actuación para situacións de emerxencia e iniciar actividades de formación e simulacro. Tamén será necesario obter acreditacións e autorizacións para actuar nestas situacións de acordo coa normativa de ambos os países.

Complementariamente, podería pensarse **noutras emerxencias, de natureza diversa:**

- Na área de protección civil: sería útil incentivar a interacción dos servizos de protección civil de ambas as rexións, ou a creación de centros transfronteirizos do 112, harmonizando criterios operativos, na liña de proxectos xa existentes como o proxecto ARIEM;
- No caso de fenómenos climáticos adversos ou outros fenómenos con impactos de longa duración.
- No caso dun apagamento dixital: predicir e previr unha situación desta natureza que, no escenario actual, tería un impacto enorme no funcionamento das nosas sociedades;

3.4 Dixitalización

É necesario garantir que todos os territorios da Eurorrexión estean cubertos polas infraestruturas e redes dixitais (tanto o acceso á cobertura de teléfono móbil como o acceso a Internet coa cobertura máis avanzada, como a 5G). Así, procede aproveitar e sacar todo o partido posible do acordo para establecer un corredor europeo Porto-Vigo para automóviles conectados con tecnoloxía 5G. Ao mesmo tempo, é urxente garantir que todas as persoas dispoñan das capacidades dixitais para facer fronte ás transformacións, o que quedou, se cabe, máis patente con esta pandemia. Na área da saúde, será necesario dotar aos hospitais e outras unidades de saúde de

medios que, a través do acceso a *big data*, permitan mellorar o diagnóstico e a atención clínica, presencial ou non.

Tamén se propón a creación dun mapa conxunto de competencias en innovación, que evite a duplicidade de investimentos e mellore a eficiencia da asignación dos recursos públicos a ámbolos dous lados da fronteira.

3.5 Sector empresarial

Deberán ser creados instrumentos que favorezan a recuperación da estrutura empresarial e emprendedora da Eurorrexión, en diálogo cos axentes sectoriais eurorrexionais. Dada a gravidade da situación económica resultante do impacto desta crise, será preciso aumentar a cohesión territorial da Eurorrexión, incentivando procesos de modernización da relación entre as administracións e os cidadáns para asegurar unha resposta áxil ás súas necesidades.

Para iso, pódense estudar ferramentas como a implementación dun **portelo (virtual) único** para todos os procedementos administrativos de Galicia e o Norte de Portugal. Nel, todos os cidadáns poderían presentar os documentos necesarios para os respectivos procedementos, para axilizar a súa tramitación.

Débase prestar especial atención á harmonización e simplificación dos requisitos e procedementos para a creación de empresas, tendo en conta os distintos compoñentes dun proceso desta natureza (económicos, de solo e de localización, de licenza de actividade, de natureza fiscal, etc.)

3.6 Emprego

Propóñense as seguintes medidas:

Implementar medidas de apoio á reactivación da actividade económica e laboral (por conta propia e allea) **con enfoque especial nas actividades transfronteirizas**. No caso de apoios para a contratación ou creación de emprego, deberá existir unha liña específica de axuda para a contratación de traballadores transfronteirizos, para a conciliación familiar destes traballadores e para a creación de empresas transfronteirizas. Tamén será necesario apoiar de xeito especial ao



sector primario e ao complexo agro-mar-industrial, que se revelaron fundamentais nesta pandemia, para promover a autonomía e seguridade alimentaria da Eurorrexión.

Regular o teletraballo (en xeral, fóra do ámbito da Covid-19) **de forma coordinada entre Portugal e España:** desde hai algún tempo o teletraballo empezou a introducirse nas relacións laborais establecidas no ámbito transfronteirizo sen que exista un marco claro dos dereitos e deberes que asumen o empregador e o traballador. Como consecuencia das limitacións á circulación adoptadas en España e Portugal, o teletraballo asumíuse como unha forma de organización da actividade laboral máis axustada a esta nova realidade que se espera continúe utilizándose no futuro. A regulación do teletraballo transfronteirizo é esencial.

Impulsar a mobilidade laboral na Eurorrexión, incentivando a contratación de traballadores de ambos lados da fronteira, dinamizando o mercado de traballo transfronteirizo, aumentando o contacto entre o “Servizo Público de Emprego de Galicia” e o “Instituto de Emprego e Formación Profesional de Portugal”, permitindo o acceso a oportunidades de emprego xestionadas por ambos os servizos aos desempregados que viven en Galicia e no Norte de Portugal. Estas medidas poderán contar co apoio do EURES Transfronteirizo para a súa implementación.

Fomentar fórmulas innovadoras para apoiar o **emprendemento xuvenil**, tales como, por exemplo, a creación de incubadoras de emprego transfronteirizas.

Facer unha aposta pola produción e o **consumo transfronteirizo responsables, sustentables e de proximidade.** Identificar actividades produtivas e servizos que poden xurdir ou crecer como resultado das novas relacións sociais e laborais que teremos que adoptar e facilitar o seu desenvolvemento transfronteirizo (servizos de entrega transfronteiriza para hostalería e/ou paquetería, venda ambulante transfronteiriza, apoio domiciliario transfronteirizo, etc.).

3.7 Mobilidade

É necesario harmonizar e simplificar os sistemas de transporte (de pasaxeiros e de mercadorías), con especial énfase no transporte local, o tránsito nas Eurociudades e na mobilidade dos traballadores transfronteirizos.

3.8 Educación, Cultura e Turismo

É preciso **harmonizar as titulacións académicas**, tanto no sector universitario como no da formación profesional (así como noutras titulacións de formación especializada) en especial no que se refire ao recoñecemento e á homologación de titulacións e ás titulacións conxuntas.

Tanto no Norte de Portugal como en Galicia, os **sectores cultural e turístico** foron dos máis afectados pola crise da Covid-19 (polas limitacións nos desprazamentos, o peche de locais, a supresión de festivais, etc.). No sector da Cultura e do Turismo, a Xunta de Galicia presentou xa un plan específico para estes sectores. Portugal está, tamén, preparando os seus propios plans nesta materia. É necesario, por tanto, efectuar unha análise conxunta **destes documentos, co fin de identificar as sinerxías entre eles e identificar as apostas comúns** que máis poidan contribuír a impulsar estes sectores na Eurorexión.

Ademais, a AECT desenvolverá **medidas e accións específicas para fomentar o consumo de produtos culturais no ámbito do Programa NORTEAR, mediante o mantemento e promoción de actividades en formato dixital** (por exemplo, transformando as “Conversas Nortear” para este formato).

Así mesmo, é preciso promocionar a Eurorexión como un destino turístico confiable e seguro, non só no exterior, senón tamén internamente e especificamente no ámbito do turismo interno e de proximidade.

Do mesmo xeito, é necesario aproveitar o próximo Ano Xacobeo (2021) para dar un **novo impulso aos Camiños de Santiago, especialmente os Camiños Portugueses**, aproveitando a experiencia anterior e o proxecto “Facendo Caminho” apoiado polo POCTEP e que ten como beneficiarios: Turismo do Porto e do Norte de Portugal, a AECT da Eurorexión, a Axencia de Turismo de Galicia, e a Dirección Rexional de Cultura do Norte de Portugal.

O Programa IACOBUS terá, na súa próxima edición, un enfoque na resposta á crise provocada pola Covid-19, dando **preferencia ás candidaturas que procuren aumentar o coñecemento e as solucións para afrontar esta problemática desde todas as súas vertentes: sanitaria, económica ou social.**



3.9 Ferramentas para o desenvolvemento territorial e cooperación

Finalmente, deberase estudar a **posibilidade de presentar ITI (Investimentos Territoriais Integrados) transfronteirizos ou instrumentos similares que poidan, eventualmente ser incluídos no futuro programa de cooperación trasfronteriza**. Este enfoque está, ademais, en liña coas propostas presentadas pola Comisión Europea no ámbito do “Border Orientation Paper Spain-Portugal” sobre esta materia.